

## ENSINAR NA SOCIEDADE ACTUAL

Xosé Carlos Macía Arce; Francisco Xosé Armas Quintá, Yamile Pérez Guilarte; Francisco Rodríguez Lestegás; Ramón López Facal; Xosé Armas Castro; Andrés Domínguez Almansa; Belén Castro Fernández; Víctor Santidrián Arias; Montserrat Domínguez García; Alba Blanco Pérez; Isabel Fernández López; María José Caamaño Rojo; Montse Pena Presas; Blanca Puig Mauriz; Paloma Blanco Anaya; Xosé Ramón Veiga Alonso; María José Piñeira Mantiñán, Lucrezia López; Ana María Suárez Piñeiro; Pilar Taboada de Zúñiga Romero (coord.)

Andavira Editora, 2017

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 92-93

\* Este traballo forma parte das investigacións financiadas polo Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica orientado cara aos Retos da Sociedade (CSO2016-75236-C2-1-R) e do Plan Nacional de I+D+i do MINECO (EDU2015-65621-C3-1-R) cofinanciado con fondos FEDER da UE.

**E**nsinar na Sociedade Actual é un traballo coordinado principalmente por profesorado da Universidade de Santiago de Compostela pertencente aos grupos de investigación RODA (Razoamento, discurso e argumentación) e ANTE (Análise Territorial), que manteñen estreitos contactos coa asociación AGALI (Asociación Universitaria de Ciencias Sociais e Humanidades Galicia e Iberoamérica) e Red14 (Red de Investigación en Enseñanza de las Ciencias Sociales). O libro recolle as achegas científicas enmarcadas nas V Xornadas AGALI "Ensinar na Sociedade da Información" entre o 18 e 19 de xuño de 2015, onde se presentaron comunicacións arredor do aproveitamento didáctico do patrimonio, o profesorado investigador como desafío para o futuro, a confluencia entre as áreas de lingua e literatura e ciencias sociais, e as controversias sociocientíficas.

Desde o punto de vista da filiación profesional dos autores e autoras é un traballo coral, moi diverso e rico. Nel colabora profesorado con perfil investigador de distintas universidades do Estado (Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Vigo; Universidade da Coruña; Universidade de Valencia; Universidade de Barcelona), de Portugal (Politécnico do Por-

to) e Brasil (Universidade Regional do Noroeste do Estado do Rio Grande do Sul; Universidade Federal de Roraima), así como profesorado en activo de primaria e secundaria, e alumnado universitario en formación.

O libro ten capítulos en galego, castelán e portugués, e foi publicado por Andavira Editora no ano 2017. Recoller aquí a totalidade dos títulos, nun espazo tan reducido, resulta imposible. Con todo, o índice do traballo permite orientarse comodamente polas súas páxinas, aínda que tamén sería de interese que o libro contase cun limiar que, de xeito conciso, explicase que aspectos se van presentar.

Cun marcado carácter divulgativo e didáctico, dáse unha visión panorámica das liñas de innovación educativa que se están a levar a cabo actualmente en diferentes ámbitos e disciplinas. Numerosos capítulos reflexionan sobre o proceso de ensino e aprendizaxe no contexto da educación formal –infantil, primaria, secundaria e universidade– a través, por exemplo, de experiencias de aula levadas a cabo durante os períodos de prácticas na formación de mestres e profesorado. Outros, reflexionan sobre aspectos da educación non formal vencellados, iso si, á educación.



Trátase, xa que logo, dunha escolma de investigacións de posible interese para profesorado en activo, docentes en formación e outros axentes socioculturais vinculados ao mundo do ensino. Todos eles poden entrar en contacto con ideas e experiencias didácticas que axuden a renovar a súa práctica profesional ou a introducir elementos novos en futuras iniciativas ou pescudas.

O traballo ten un total de 46 capítulos, correspondéndose cada un deles cunha investigación distinta. De entre os mesmos, 21 son de autoría individual e 25 de autoría compartida. A exposición e organización dos contidos de cada capítulo é flexible,

non segue ningún esquema pre-determinado máis alá de que cada un leva anexa a súa propia bibliografía ao final.

Destacar aquí que os 46 capítulos son plurais desde o punto de vista das áreas de coñecemento nas que se enmarcan. A didáctica das Ciencias Sociais, coa Xeografía e a Historia como eixos vertebradores, pero tamén con achegas desde a Economía, é a que, claramente, ten un maior peso no libro. Con todo, atopamos tamén traballos enmarcados na didáctica das Ciencias Experimentais e da Lingua e a Literatura e, cun menor peso, na Educación Ambiental ou na Educación Física. Aínda así, case en ningún caso podemos falar de traballos disciplinares illados, senón de propostas interdisciplinarias.

A continuación, preséntase o tipo de traballos que, grosso modo, se recollen en cada área, sendo complexo facer unha descrición tan breve dun número tan elevado de investigacións dispares.

Na área de Ciencias Sociais:

- Propostas didácticas vencelladas a contidos cun forte potencial educativo que reforzarían destrezas sociais e cidadás no alumnado como, por exemplo, aqueles que teñen unha estreita relación coa paisaxe, a contorna próxima e o patrimonio social e cultural do lugar habitado.
- Estudos sobre as representacións sociais que o alumnado ten sobre temas históricos e xeográficos como, por exemplo, a globalización, Europa, a historia de Portugal, Iberoamérica, os fascismos ou o holocausto, entre outros. Nestes casos destácase o potencial de temas de actualidade e unha necesaria interpretación crítica e máis humana das fontes.
- Revisións curriculares de temáticas pouco ou nada traballadas nas aulas como, por exemplo, o caso do rural que, tratado

de xeito transversal e mediante metodoloxías innovadoras, posúe grandes posibilidades educativas.

- Reflexións sobre o proceso de ensino e aprendizaxe na práctica universitaria en relación á Historia Antiga ou a Econometría.
- Reflexións sobre o emprego das TIC nas Ciencias Sociais como, por exemplo, as aplicacións ou a realidade aumentada. Nestes casos, reflexiónase sobre as posibilidades e limitacións da revolución tecnolóxica no mundo do ensino.

Na área de Ciencias Experimentais:

- Estudos socio-científicos que evidencian as representacións e preconcepcións do alumnado en relación a temas de actualidade como, por exemplo, o lobo en Galicia ou a tuberculose. Aquí, de novo reflexiónase sobre a importancia das fontes e a necesidade dun tratamento crítico e multidisciplinario.

Na área de Lingua e Literatura:

- Propostas didácticas interdisciplinarias vencelladas á literatura e ao patrimonio cultural da contorna dos centros. Iniciativas levadas a cabo mediante estratexias didácticas innovadoras como saídas escolares ou traballos de investigación do alumnado.
- Reflexión sobre o papel da literatura na conformación das percepcións que o alumnado ten sobre o territorio.
- Reflexión sobre as posibilidades de fomentar unha sociedade intercultural en cidades como Santiago de Compostela, dada a súa riqueza lingüística.

Na área de Educación Física:

- Proposta didáctica interdisciplinaria de educación física e as ciencias sociais que axuda a evidenciar distintas épocas históricas a través da práctica do deporte.

Na área de Educación Ambiental:

- Estudo sobre as representacións sociais do alumnado en relación ao impacto ambiental, aínda hoxe desinformadas.
- Proposta didáctica da educación non formal que permite traballar a educación ambiental en centros de primaria ou secundaria, favorecendo unha mellor comprensión do tema e reafirmando as posibilidades interdisciplinarias que posúe dentro do sistema educativo.

Como vemos, *Ensinar na sociedade actual* é un traballo que pode animar a un lector ou lectora con intereses moi diversos e vinculado ao mundo educativo a revisar a súa propia práctica profesional, sexa cal sexa o nivel no que ensine, investigue ou traballe. De moitos dos estudos poden xurdir novas iniciativas, máis críticas, transversais e significativas socialmente, que empreguen, ademais, recursos e fontes alternativas. Doutras, poden tirarse reflexións sobre o propio proceso de ensino e aprendizaxe en relación a diversas disciplinas ou temáticas.

Aínda que na actualidade unha parte importante do profesorado, dos investigadores ou dos axentes socioculturais están a introducir propostas innovadoras nos seus ámbitos de actuación, estas teñen aínda un peso insuficiente dentro do sistema educativo. Polo tanto, a través da investigación e da difusión deste tipo de iniciativas establécese un compromiso a longo prazo que garante a mellora educativa e unha sociedade máis responsable e consciente dos retos a asumir no futuro. ■

Tania Riveiro Rodríguez

tania.riveiro@usc.es

USC